

RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Saúde Pública pola que se fai pública a composición do Tribunal Cualificador para a avaliación dos traballos finais do curso de Diplomado en Saúde Pública, edición 2025-26.

Mediante a Resolución do 29 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Saúde Pública, convocouse o curso de Diplomado en Saúde Pública, edición 2025-26. A citada resolución dispón, na súa base 11, que a composición do Tribunal Cualificador para a avaliación dos traballos finais se fará pública mediante resolución da directora xeral de Saúde Pública, designándose os correspondentes membros titulares e suplentes.

En consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública a composición do Tribunal Cualificador para a avaliación dos traballos finais do curso de Diplomado en Saúde Pública, edición 2025-26, que queda constituído polas seguintes persoas:

Cargo	Titular	Suplente
Programador/a docente do curso	Elvira Íñiguez Pichel	Silvia Suárez Luque
Profesor/a do curso	Rosendo Bugarín González	Eduardo Picón Prado
Representante da Escola Nacional de Sanidade	Iñaki Imaz Iglesia	Bárbara Muñoz Navarro
Vogal entre o persoal do Servizo de Xestión do Coñecemento e Innovación en Saúde Pública, titulado superior	Carmen Rodríguez Otero	Amparo Villaverde Gómez
Profesional de ACIS encargado/a da organización e desenvolvemento do curso, que actuará como secretario/a	Mario Mosquera Vereas	Jorge Luis Ínsua Lado

Segundo. Publicar a presente resolución nas páxinas web da Escola Galega de Saúde Pública e da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), de conformidade co previsto na base 11 da Resolución do 29 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se convoca o curso de Diplomado en Saúde Pública, edición 2025-26.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Carmen Durán Parrondo

Directora Xeral de Saúde Pública

